


Procedemento para cambiar o tema (plantilla) da comunidade

Inicialmente todas as **comunidades** de Agueiro configúranse coa plantilla ou tema por defecto **"Tema Agueiro"**.



The screenshot shows the Agueiro website interface. At the top, there is a header with the Agueiro logo, user information, and navigation links. Below the header, there is a main navigation bar with tabs: Taboleiro, Contidos, Portafolio, Grupos, and Administrar. The Administrar tab is highlighted with a red circle, and an arrow points to the 'Comunidades' sub-tab in the secondary navigation bar, which is also circled in red. The main content area displays the 'Xestionar comunidades' page, which includes various settings for a community, such as 'Nome visible para a comunidade', '¿Permitese o rexistro?', '¿Confirmar rexistro?', 'Periodo de tempo por defecto de pertenza da conta de usuario', 'Idioma', 'Logotipo da comunidade', and 'Tema'. The 'Tema' dropdown menu is highlighted with a red circle, and an arrow points to it from the text 'Desde esta pantalla podes: - Cambiar o logotipo da comunidade - Cambiar o tema da comunidade'.

Os **administradores** de cada comunidade poden cambiar tanto o **"logotipo"** como o **"tema"** desde a pantalla de administración da comunidade.

Selecciona o menú:
"Administrar -> Comunidades"

Desde esta pantalla podes:


- Cambiar o **logotipo** da comunidade
- Cambiar o **tema** da comunidade

Procedemento para cambiar o tema (plantilla) dunha páxina

Os usuarios poden seleccionar os temas que desexen para as súas páxinas e incluso seleccionar un tema distinto para cada unha das súas páxinas

As páxinas nas que se seleccione un tema mostraránse sempre con ese tema, independentemente do tema da plataforma ou da comunidade.

Pode seleccionar un tema desde o depregable “Tema” que se mostra cando está editando unha páxina





Tema AGUEIRO

Este é o tema por defecto da plataforma e tamén de todas as comunidades.

Os usuarios que non forman parte de ningunha comunidade verán a plataforma con este aspecto, así como tamén os membros de aquelas comunidades nas que os administradores non seleccionaron un tema distinto.



Tema AUGA

Neste tema, tanto o menú principal como os submenús móstranse e despréganse na parte superior dereita da pantalla.

O fondo presenta unha cor azul intensa con reflexos de ondas de luz.

Os botóns móstranse en cor azul con distintos matices.



Tema BASICO

Este é un tema totalmente limpo, moi básico e sen elementos decorativos.

O tema “Básico” está creado sen elementos de deseño que poidan interferir ou contrastar co estilo de creación dos contidos de cada usuario.

Tanto os menús como os botóns móstranse nunha cor gris atenuada.




Tema CONFIGURABLE

Este tema permite seleccionar e personalizar cada unha das cores dos seguintes elementos, individualmente:

Fondo principal, fondos secundarios, textos de fondo, textos principais, textos secundarios, ligazóns, títulos, bloques laterais, elementos de navegación, botóns, menús.

Para cada elemento, o administrador da comunidade pode seleccionar a cor que desexe.



Tema FRIO

Tema creado en cores frías.

Nos fondos predominan as cores en tons escuros contrastando cos elementos de navegación (menús e botóns) que se mostran destacados en cores máis vivas.

Os menús e submenús aparecen na parte superior dereita da pantalla.



Tema SIMPLE

Neste tema predomina a cor branca.

Os elementos de navegación (menús e botóns) móstranse en cor verde con degradado vertical.

Os títulos dos bloques laterais incorporan un fondo degradado moi tenue en cores verdes e grises.



Tema SOLPOR

Este tema está inspirado nas tonalidades e na luz do solpor, do atardecer, do final do día.

Os menús e submenús incorporan un grao de transparencia que permite apreciar o deseño dos fondos.

Os botóns están creados con efectos de relevo e degradados verticais nas mesmas tonalidades que os menús.



Tema ULTIMA

Tema inspirado na última fronteira, no espazo exterior.

Os fondos mostran cores e tonalidades claramente diferentes entre a parte superior e inferior de cada pantalla.

Os menús despregan os seus submenús en bandas horizontais que se ocultan cando non está seleccionado ningún menú.